

	IES MARÍA CASARES. <b>Departamento de Economía</b>			2024-2025
	MATERIA	CULTURA FINANCEIRA		
	CURSO	3º ESO	HORAS SEMANAIS	3

**BREVE DESCRIPCIÓN DA MATERIA**

Existe un consenso xeneralizado sobre a necesidade de mellorar o nivel de cultura financeira dos consumidores, calquera que sexa o país no que viven e as súas circunstancias. Para poder desenvolver un proxecto de vida de forma razoable todos habemos de ter sempre presentes as nosas finanzas, xestionar os nosos recursos e relacionarnos con outros axentes.

**CONTIDOS**

Os currículo organízanse:

- 1º Diñeiro e transaccións.
- 2º Planificación e orzamento.
- 3º Xestión bancaria das finanzas persoais.
- 4º Educación ao consumidor.

O obxectivo último é que o alumnado se inicie na adquisición de competencias económicas e financeiras básicas, espertando neles unha conciencia sostible e solidaria respecto das consecuencias derivadas do crecemento económico sobre o medio ambiente e a sociedade.

**METODOLOXÍA**

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes..

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos.

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	
<b>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</b>	<b>PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN</b>
Probas escritas e/ou orais =	80%
Outros instrumentos de avaliación	20%
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b>	<b>100%</b>
<b>NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA</b> Media : $(\text{NOTA } 1^{\text{a}} \text{ AV} + \text{NOTA } 2^{\text{a}} \text{ AV} + \text{NOTA } 3^{\text{a}} \text{ AV}) / 3 = \text{NOTA MEDIA XUÑO}$	
<b>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA</b> a cualificación da proba extraordinaria.	

**VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES**

Poden cursala alumnos orientados a bacharelato e a ciclos formativos, de todas as áreas e máis concretamente estudos de FP como Administración e Finanzas, Comercio e Marketing. Estudos universitarios relacionados coa Economía, Administración e Finanzas, Dereito.